



CAPACIDADE FINANCEIRA DOS CORREDORES/AS DE SEGUROS E OBRIGA DE DISPOR DE CONTAS SEPARADAS.

1. CAPACIDADE FINANCEIRA

Está regulada no artigo 157 f) do real decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a directiva da Unión Europea en materia de seguros.

Ten por obxecto protexer aos clientes fronte á incapacidade dos corredores/as de seguros para transferir a prima á entidade aseguradora ou para transferir a cantidade da indemnización ou o reembolso da prima ao asegurado.

Para figurar inscrito como **corredor/a de seguros** no Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros, **é necesario cumprir e manter** en todo momento o seguinte:

*Dispoñer dunha capacidade financeira que deberá acadar o 4 por cento do total das primas anuais percibidas, sen que poida ser inferior a 19.510 euros, **salvo que***

*- existan **pactos expresos** coas entidades aseguradoras de **que os importes aboados polos clientes se realizarán directamente en contas de pago de titularidade daquelas***

ou que

- se ofrezca ao tomador/a unha cobertura inmediata, sempre e cando se dispoña de autorización da entidade aseguradora para recibir en nome e por conta desta as primas satisfeitas polos tomadores/as, entregando o recibo de prima emitido pola mesma.

e, nun e outro caso,

- que as cantidades aboadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores/as de seguros, asegurados/as ou beneficiarios/as.

2. CONTAS SEPARADAS

Artigo 136.4 do real decreto-lei 3/2020:

O mediador de seguros deberá acreditar que os fondos pertencentes aos clientes son transferidos a través de contas de clientes completamente separadas do resto de recursos económicos do mediador, nas que só se xestionen recursos económicos daqueles.



3. FORMAS DE COBERTURA DA CAPACIDADE FINANCEIRA

3.a) Inexistencia de pactos expresos

A acreditación da capacidade financeira farase mediante a contratación dun seguro de caución ou dun aval emitido por unha entidade financeira que cubra o 4% da totalidade das primas intermediadas cun importe mínimo de 19.510 €. Este importe cubriría un máximo de primas percibidas de 487.750 € anuais.

Neste caso e dado que se están manexando fondos de clientes, é obrigatorio que o corredor dispoña dunha conta separada nos termos do artigo 136.4.

3.b) Pacto expreso coas entidades aseguradoras de que os importes aboados polos clientes se realizarán directamente en contas de pago de titularidade das entidades. As cartas de condicións deben recoller a seguinte cláusula:

- os importes aboados polos clientes realizaranse directamente en contas de pago de titularidade das entidades aseguradoras e as cantidades aboadas en concepto de indemnizacións entregaranse directamente polas mesmas aos tomadores/as de seguros, asegurados/as ou beneficiarios/as.

3.c) Pacto expreso de cobertura inmediata que se reflexará na seguinte cláusula:

- Que a entidade aseguradora autoriza ao corredor/a de seguros a recibir, en nome e por conta desta, as primas satisfeitas polos tomadores/as entregando o recibo emitido pola mesma e que, as cantidades aboadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aos tomadores/as de seguros, asegurados/as ou beneficiarios/as.

Aínda no caso de que a cobertura da capacidade financeira se realice segundo os apartados 3.b) ou 3.c), será necesario dispoñer de contas separadas cando se manexen fondos dos clientes como consecuencia da xestión de recibos devoltos ou extornos recibidos das aseguradoras para transferir aos clientes.